



Informe explicativo da entidade

◆ Traxectoria, recursos e base social

O Colectivo Audiovisual Lentes Diverxentes é unha asociación cultural sen ánimo de lucro centrada na elaboración de proxectos audiovisuais (curtas e longametraxes documentais) que contribúan á divulgación dos conflitos sociais da nosa contorna, á difusión do noso patrimonio cultural, material e inmaterial e á defensa do medio en que vivimos.


Conta con máis de 25 socios e socias en Galicia que participan activamente na elaboración e difusión dos traballos audiovisuais elaborados, así como no debate social que acompaña as proxeccións dos nosos traballos.

Xorde dun pequeno grupo de profesionais da comunicación que, de xeito desinteresado e altruísta, decídu poñer os seus coñecementos ao servizo da comunidade. O colectivo aposta polos relatos de proximidade da cidadanía invisible do país que precisa verse dignificada para empoderarse e ser parte activa da sociedade. Un dos obxectivos do colectivo é recuperar a credibilidade e a confianza das persoas para que vexan que as súas historias e as súas reclamacións teñen tamén interese público e deben ser coñecidas.

Desde o ano 2014 en que nacemos, vimos traballando en diferentes proxectos de carácter artístico, cultural, social e ambiental que promovan un pensamento crítico sobre o noso contorno.

O noso espazo de traballo é a rúa, e o de difusión é, maioritariamente, Internet. Non dispomos de local propio e por iso para a divulgación dos nosos traballos facemos uso de centros socioculturais públicos ou locais doutras asociacións, e entidades educativas. Todos os contidos elaborados están baixo licenza de Creative Commons para que a distribución e o uso dos nosos traballos sexa libre.

◆ Natureza sociocultural, diversificación e liñas de traballo



1.- ANGROIS NO ESQUECEMENTO

Lentes Diverxentes naceu en 2014 cun proxecto de longametraxe documental sobre o accidente do tren Alvia o 24 de xullo de 2013 en Santiago de Compostela, no que faleceron 81 persoas e máis de 140 quedaron feridas. Este proxecto **Angrois no esquecemento** converteuse na primeira obra audiovisual que, un ano despois da traxedia, trataba de amosar as vivencias persoais e as interrogantes sobre porqué se produciu o accidente. A obra converteuse nun alegato en defensa das vítimas e nun reclamo para que

se esclarecese a verdade sobre o sucedido, para que se crease unha comisión de investigación no Parlamento e se depurasen as responsabilidades políticas deste caso.

No elaboración do traballo colaboraron vítimas, familiares, rescatadores anónimos e profesionais e tivo difusión por todo o territorio galego grazas a distintas asociacións culturais, veciñais, sindicais e concellos que nos ofreceron as súas instalacións para as proxeccións e colaboraron desinteresadamente.

Angrois no esquecemento participou en festivais como Cineuropa e recibiu o premio Mestre Mateo 2015 na categoría de mellor documental, polo que a súa difusión chegou ás pantallas televisivas tamén a través da TVG. Foi a primeira vez que unha obra elaborada por un colectivo sen ánimo de lucro tivo o recoñecemento de todo o sector audiovisual nos premios máis importantes de Galicia e chegou aos espectadores en Televisión e a máis de 4.400 visionados na web.

Máis información do proxecto na páxina: www.angroisnoesquecemento.com



2.- MARCHAS DA DIGNIDADE

O noso compromiso como asociación está coa cidadanía máis desprotexida á hora de recoller historias, e coa función social do xornalismo como servizo público á hora de difundilas. Cremos que o propósito da comunicación social debe ser transformar o mundo e contribuír ao cambio cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria. Buscamos ser un altofalante da realidade en que vivimos e con esta inquietude o colectivo decidiu facer un acompañamento da Columna Galega das Marchas da Dignidade desde marzo de 2014 ata o día de hoxe. Un percorrido polas mobilizacións nas que participaron xuntos movementos sociais, sindicatos minoritarios, colectivos profesionais e didáns a título individual que baixo o reclamo de “Pan, traballo e teito” esixen unha vida digna para todos. O obxectivo deste proxecto foi amosar a mobilización social na defensa dos dereitos fundamentais. E así o fixemos nunha serie de nove curtas en distintos momentos e lugares da protesta difundidas a través da canle de Youtube con máis de 16.800 visitas.

Máis información na canle de Youtube creada por nós das Marchas da Dignidade: <https://www.youtube.com/channel/UCaOvAhPYKR43taxbOKCCreg>



3.- BADALADAS POLA PREVENCIÓN DO SUICIDIO

Lentes Diverxentes colaborou co Movemento Galego da Saúde Mental na campaña para a sensibilización a prol da prevención do suicidio desenvolvida en Galicia entre os meses de maio e setembro de 2016. Como colectivo audiovisual elaboramos o vídeo de presentación da campaña no que participaron os representantes do movemento cívico que traballa na protección da saúde mental da comunidade e na defensa da súa atención pública. O vídeo serviu para o reclamo dun Plan Galego de Prevención do Suicidio e para a sensibilización social sobre os altos índices de suicidios en Galicia.

Fixemos ademais un seguimento de toda a campaña, con numerosas gravacións das actuacións diarias do Movemento na praza da Quintana, en Santiago de Compostela para a elaboración final de outro vídeo que sintetizou a mobilización. En total, os dous vídeos tiveron unha difusión de 3.000 persoas na canle de Youtube do Movemento Galego de Saúde Mental (<https://www.youtube.com/watch?v=3nu0MAtTcS4>)



4.-ESCARAVELLAR A MEMORIA

Lentes Diverxentes leva desenvolvendo desde outubro de 2016 un proxecto documental de memoria histórica, centrado nas últimas exhumacións que a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica fixo en Galicia, localizado en dous espazos diferentes: Val do Dubra e a Pobra do Brollón. Despois da gravación que en outubro de 2016 realizamos en Paramos (Val do Dubra) durante a semana que a ARMH recuperou os restos de catro guerrilleiros antifranquistas asasinados en 1949, Lentes Diverxentes desenvolve un traballo de investigación deste caso, así como da historia dos seis guerrilleiros mortos na batalla de Repil, no límite entre Monforte e a Pobra do Brollón. Esta historia e a doutros asasinados pola represión franquista formarán parte dun documental que nestes momentos se atopa en proceso de elaboración.

Un adianto en: <https://www.youtube.com/watch?v=-QfnozCe-BE>



5.- OS IRMÁNS NAVEIRA E JUÁN EXTHEVERRY, OS EMIGRANTES QUE ILUSTRARON BETANZOS.

En 2017 Lentes Diverxentes acorda levar a cabo un proxecto audiovisual conxunto co portal divulgativo *Historia de Galicia*, un medio de difusión sobre historia e o patrimonio que valoramos acorde cos nosos principios. Decidimos formar parte das organizacións colaboradoras do programa Rutas de Historia, e elaboramos un vídeo promocional sobre unha das rutas previamente seleccionada polo colectivo. O interese histórico e a denuncia social pola perda de patrimonio industrial e histórico que desaparece sen recibir a protección merecida serán os motivos que nos fagan elixir contar o pasado e o presente de Betanzos. O vídeo, publicado o 7 de setembro de 2017, leva xa 1.235 reproducións online e temos constancia de que serviu tamén como material educativo en colexios galegos.

https://www.youtube.com/watch?time_continue=3&v=VJaw-_b1y5M

O proxecto a desenvolver neste 2018 en colaboración co programa Rutas da Historia está xa seleccionado e en fase de gravación. Trátase dunha ruta da Memoria Histórica, enmarcada no escenario e na historia que investigamos no noso propio proxecto da memoria descrito con anterioridade. A ruta da Batalla de Repil e da aldea de Cereixa, conducida polo arqueólogo e investigador do Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe do [Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento \(CSIC de Santiago de Compostela\)](#), Xurxo Ayán, é un dos proxectos de desenvolvemento neste ano.



6.- O MEDIO

Lentes Diverxentes ten como un dos seus principios fundacionais traballar na defensa do medio e na denuncia dos ataques ambientais que se suceden en Galicia. Así, participa a carón de colectivos ecoloxistas e cidadáns na mobilización social e na súa visibilización, como foi a protesta en contra da Lei de Fomento de Implantación de Iniciativas Empresariais, ou a de Lumes Nunca Máis en outubro de 2017, despois da vaga de incendios.

<https://www.youtube.com/watch?v=8IXTasUIMvM&t=28s>

<https://www.youtube.com/watch?v=qASjk0myJUJ&t=11s>

As crónicas destas dúas mobilizacións chegaron a preto de 2.000 persoas a través da nosa canle de Youtube.



7.- NON Á MINA!

O proxecto de reapertura da mina de cobre de Touro, detrás do que está a multinacional Atalaya Mining supón unha ameaza ambiental para todos, e en particular para os veciños da comarca e para a ría máis produtiva de Galicia, a de Arousa. Neste momento atópase en fase de estudo das máis de 1500 alegacións presentadas. Lentes Diverxentes está a desenvolver desde o mes de nadal de 2017 o proxecto dun documental en colaboración coa Plataforma Mina Non de Touro e o Pino, coa Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, con colectivos ambientais, como a Sociedade Galega de Historia Natural ou a Asociación Aldea Viva. Coa fase de guiión e gravación xa moi avanzada no mes de abril de 2018, a previsión é ter o filme rematado no verán deste ano. A planificación da difusión contempla varios soportes: a) online, a través da páxina web de Lentes Diverxentes (www.lentesdiverxentes.com) e das redes sociais propias e das organizacións colaboradas; b) presentación a festivais audiovisuais de ámbito galego, estatal e internacional; c) En salas de proxección de centros socioculturais, CGAI, cineclubes, entidades educativas e veciñais.

De momento, xa adiantamos un vídeo coa manifestación celebrada den Touro o 25 de febreiro de 2018: <https://www.youtube.com/watch?v=DjqalviUXOk>

- ◆ Ferramentas de difusión, impacto social e acceso aberto ao traballo da entidade.

1.- A WEB

A nosa principal canle de difusión é a rede á través da nosa páxina web: www.lentesdiverxentes.com onde están todos os nosos proxectos a disposición do público.

Temos tamén web propia do documental Angrois no esquecemento www.angroisnoesquecemento.com coa correspondente canle de vimeo e de facebook.



MAIS DE 4.400 VISIONADOS

canle: Angrois no esquecemento: <https://vimeo.com/user13428904>



MAIS DE 1.000 SEGUIDORES

<https://www.facebook.com/angroisnoesquecemento/>

2.- AS REDES SOCIAIS

Acabamos de anovar as nosas redes sociais para difundir desde unha soa canle todos os nosos traballos que estaban espallados en diferentes lugares. Nestes últimos anos traballamos desde contas vinculadas a cada proxecto (Angrois no esquecemento, Marchas da Dignidade...) e tamén coa cesión dos vídeos para inserir nas redes sociais dos diferentes colectivos cos que colaboramos. Neste 2018 Lentes Diverxentes acordou reunir todo o noso traballo nunha única canle en cada rede social, baixo o nome da asociación: Lentes Diverxentes. Esta decisión, tomada recentemente, fai que as cifras de seguidores nas nosas canles non sexan significativas á hora de cifrar realmente o impacto mediático, que si foi recollido na descrición de cada un dos proxectos rematados.



<https://www.facebook.com/Lentes-Diverxentes->



canle de Lentes Diverxentes



www.instagram.com/lentesdiverxentes/

3.- DIFUSIÓN EN PROYECCIONES PRESENCIAIS

En Lentes Diverxentes cremos que a comunicación social é unha ferramenta útil para transformar o mundo e confiamos en que os nosos documentais fomenten o espírito crítico e incentiven na comunidade o debate sobre os conflitos sociais que sacamos á luz. Por iso, a Asociación valorou, no caso das longamentraxes, a necesidade de facer proxeccións presenciais en diferentes espazos socioculturais e educativos onde os integrantes do colectivo participamos en mesas redondas, coloquios e outros espazos de debate.

En cada proxección dámos a coñecer os temas sobre os que traballamos, a abordaxe audiovisual que facemos deles coas dificultades que puideran darse para o seu tratamento e os intereses que nos moven para sacalos á luz.

Nestes espazos sempre contamos con representantes das diferentes asociacións coas que colaboramos para que poidan expor, de primeira man, as súas situacións, problemáticas ou necesidades de xeito que as propias proxeccións dos vídeos serven de material de apoio para as súas causas.

4.- IMPACTO MEDIÁTICO

IMPACTO RECENTE

EL SALTO

- Lei Depredación <https://www.elsaltodiario.com/lei-de-depredacion/as-ruas-de-compostela-enchense-para-rexeitar-a-lei-de-depredacion-do-pp>
- Emilio Cao <https://www.elsaltodiario.com/represion/emilio-cao-puideron-deter-a-calquera-e-tocoume-a-min>
- Manifestación Lumes <https://www.elsaltodiario.com/manipulacion/directiva-da-crtvg-e-fundamentalmente-mentira-dicir-que-chegamos-tarde>

NÓS TV

- Manifestación Touro <http://nostelevision.gal/o-berro-de-mina-non-desborda-touro/>
- Lei Depredación <http://nostelevision.gal/manifestacion-lei-de-depredacion-lume-nunca-mais/>

GALICIA CONFIDENCIAL

- Manifestación Touro <http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/70556-video-masiva-manifestacion-mina-touro---pino>
- Emilio Cao <http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/71361-emilio-cao-sufrin-represion-goberno-pp-minas-carnes>

HISTORIA DE GALICIA

- <http://historiadegalicia.gal/2017/09/nace-rutas-de-historia-unha-nova-forma-de-conecer-patrimonio-galego/>

MOVIMENTO SAÚDE MENTAL

<http://movementogalegosaudemental.gal/2017/06/21/video-badaladas-pola-prevencion-do-suicidio/>

ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA

- <http://www.apdr.info/wp/2017/10/17/manifestacion-en-compostela-contra-a-lei-de-depredacion-de-galiza/>

HEMEROTECA

- [Magazine Cultural Galego \(24/04/15\)](#)

- [Faro de Vigo \(16/04/2015\)](#)

- [Praza pública \(12/04/2015\)](#)

- Premios Mestre Mateo (12/04/2015)

- [Ateneo ferrolán \(13/03/2015\)](#)

- [La Voz de Galicia \(12/03/2015\)](#)

- [Europapress \(10/03/2015\)](#)

- [La Sexta \(01/03/2015\)](#)

- [ABC \(28/02/2015\)](#)

- Onda Cero (27/02/2015)

- El Progreso (27/02/2015)

- [Noticieiro galego \(05/02/2015\)](#)

- [Tempo de lecer \(05/02/2015\)](#)

- [La Voz de Galicia \(02/01/2015\)](#)

- [Informativos TVG \(30/11/2014\)](#)

- [Galicia Confidencial \(28/11/2014\)](#)

- [La Voz de Galicia \(28/11/2014\)](#)

- [Galicia por diante RG \(27/11/2014\)](#)

- [Noticias Cuatro \(23/07/2014\)](#)

- [Cineuropa 2014](#)

4.- PUBLICACIONES PERIÓDICAS

A periodicidade das nosas publicacións en todas as nosas canles vén marcada pola dimensión e a difusión que esixe cada un dos nosos traballos. Así, cada novo proxecto xenera arredor de si un fluxo informativo propio marcado pola repercusión sociocultural que ten cada vídeo.

A nosa programación das publicacións tamén está condicionada polas dimensións dos propios proxectos. Tratamos de publicar trimestralmente novos traballos en formato de curta documental, pero se estamos inmersos no proceso de gravación ou edición dunha longametraxe resulta imposible adaptarse a eses prazos, que se ven compensados na fase final do proxecto con múltiples publicacións de vídeo sobre o propio documental.

O blog, inserido na web (www.lentesdiverxentes.com) serve como boletín para que os asociados e calquera persoa poida estar ao tanto da nosa programación, ao igual que as redes sociais.

Todos os contidos dos nosos proxectos están baixo unha licenza creative commons CC BY-NC-ND que permite que outros poidan descargar as obras e compartilas sempre que se recoñeza a autoría, sen que se modifiquen nin se empreguen comercialmente.



Recoñecemento-NonComercial-SenObraDerivada
CC BY-NC-ND